

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 6 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se anuncian os lugares onde estarán a disposición dos interesados os anexos III do concurso de traslados convocado pola Resolución do 10 de marzo de 2009 para cubrir prazas vacantes e de nova creación nesta comunidade autónoma entre funcionarios dos corpos e escalas de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza.

De conformidade co establecido na base oitava da resolución do 10 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se anunciou o concurso de traslados para a cobertura de prazas vacantes e de nova creación nesta comunidade autónoma entre funcionarios dos corpos e escalas de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza (BOE e DOG do 31 de marzo), apróbase a relación de excluídos e anúnciase que o lugar onde estarán á disposición dos interesados os anexos III, cos seus datos persoais, a baremación, os destinos solicitados e a praza adxudicada provisionalmente, é a páxina web do Ministerio de Justicia (www.esde.mjusticia.es).

As listaxes coas adxudicacións provisionais de postos de traballo desta comunidade poderanse consultar tamén na intranet xudicial e na páxina web da Xunta de Galicia, <http://cpapx.xunta.es/portal/xustiza/dxxpersoal.htm>.

Soamente o Ministerio de Xustiza publicará o anuncio da resolución provisional do concurso de traslados do 10-3-2009 no BOE, polo que os funcionarios interesados en presentar alegacións expresarán, no prazo de 10 días naturais a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOE, a súa desconformidade cos datos que consten no devandito anexo III, para o que deberá solicitar a súa corrección mediante o anexo IV (modelo de alegacións) publicado no BOE e DOG do 31 de marzo de 2009 e nas devanditas páxinas web do Ministerio de Xustiza e da Xunta de Galicia, achegando a proba documental oportuna.

O modelo de alegacións e a documentación que se xunta, se é o caso, remitiranse exclusivamente ao Ministerio de Xustiza nas formas que se indican a continuación:

Mediante fax, dirixido á atención de Concursos-Despacho 220, aos números: 91 3904295, 91 3902497, 91 3904250.

De non reclamarse no prazo establecido enténdese que mostran a súa conformidade e aceptación dos datos contidos, da súa baremación e do destino adxudicado provisionalmente.

Ao tratarse dun concurso a resultados, os destinos provisionalmente adxudicados poden sufrir variacións na resolución definitiva como consecuencia das posibles rectificacións que se poidan producir na baremación das instancias. En calquera caso, os destinos adxudicados provisionalmente non supoñen dereito ou a expectativa de dereito respecto á resolución definitiva do concurso.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2009.

Juan José Martín Álvarez
Director xeral de Xustiza

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 9 de xullo de 2009 pola que se procede ao nomeamento como funcionarios/as do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de axentes de extensión pesqueira, dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

Unha vez rematado o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de axentes de extensión pesqueira, convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008), e realizado o acto de elección de destino definitivo previsto na Orde do 24 de xuño de 2009 (DOG nº 130, do 6 de xullo), esta consellería, de conformidade co disposto no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normas concordantes,

DISPÓN:

Nomear funcionarios/as do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de axentes de extensión pesqueira, os/as aspirantes aprobados/as que se relacionan no anexo desta orde, ordenados/as de acordo coa puntuación final obtida, e adxudicarlles como destinos definitivos os que figuran no mesmo anexo, de acordo co acto de elección de destino que tivo lugar o día 8 de xullo de 2009.

Para adquiriren a condición de funcionarios/as, as persoas a que se refire o anexo desta orde deberán cumprir os requisitos exixidos no artigo 47 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, que comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a conselleira de Facenda no

prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Nº	NIF	Apelidos e nome	Código do posto	Consellería	Denominación	Nivel	Centro destino	Centro directivo	Concello	Formación	Observacións	Carácter
1	33856739A	Lamas Ferreiro, María Luz	PE.C99.30.000.36590.027	PE	Axente extensión pesqueira	22	Deleg. Comarcal Vilagarcía	Servizos periféricos	Vilagarcía de Arousa	Permiso conducir B (R.L.)	Horario especial	Definitivo
2	33256164G	Martínez Bouzas, María Esperanza	PE.C99.10.000.36560.105	PE	Axente extensión pesqueira	22	Deleg. Territorial Pontevedra (Vigo)	Servizos periféricos	Vigo	Permiso conducir B (R.L.)	Horario especial	Definitivo
3	36072658X	Martínez Piñeiro, Jorge	PE.C99.10.000.27650.096	PE	Axente extensión pesqueira	22	Deleg. Territorial Lugo (Celeiro)	Servizos periféricos	Viveiro	Permiso conducir B (R.L.)	Horario especial	Definitivo

Orde do 9 de xullo de 2009 pola que se procede ao nomeamento como funcionarias do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de minas, das aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

Unha vez rematado o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de minas, convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008), e realizado o acto de elección de destino provisional previsto na Orde do 24 de xuño de 2009 (DOG nº 130, do 6 de xullo), esta consellería, de conformidade co disposto no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normas concordantes,

DISPÓN:

Nomear funcionarias do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de minas, as aspirantes aprobadas que se relacionan no anexo desta orde, ordenadas, de acordo coa puntuación final obtida, e adxudicarlles, como destinos

provisionais, os que figuran no mesmo anexo, de acordo co acto de elección de destino que tivo lugar o día 8 de xullo de 2009.

Para adquiriren a condición de funcionarias, as persoas a que se refire o anexo desta orde deberán cumprir os requisitos exixidos no artigo 47 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, que comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Nº	NIF	Apelidos e nome	Nº posto	Código do posto	Consellería	Denominación	Nivel	Centro destino	Centro directivo	Concello	Titulación	Carácter
1	09404852-Z	Álvarez Márquez, Lucía	2	ICC991000015001054	EI	Enxeñeira superior	26	Delegación Provincial A Coruña	Servizos periféricos	A Coruña	Enxeñaría de minas	Provisional
2	36153034-R	Diéguez Gómez, María	1	ICC040000315770010	EI	Enxeñeira superior	26	S.X. de Recursos Minerais	Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas	Santiago de Compostela	Enxeñaría de minas	Provisional